



## Guía Docente

| Datos Identificativos |   |                    |                             |          | 2023/24 |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------------|----------|---------|
| Asignatura (*)        | Lingua Galega 1   | Código             | 613G01002                   |          |         |
| Titulación            | Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios  |                    |                             |          |         |
| Descritores           |   |                    |                             |          |         |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                        | Créditos |         |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Primeiro           | Formación básica            | 6        |         |
| Idioma                | Galego  |                    |                             |          |         |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                             |          |         |
| Prerrequisitos        |   |                    |                             |          |         |
| Departamento          | Letras  |                    |                             |          |         |
| Coordinación          | Lourenzo Modia, Cilla   | Correo electrónico | cilla.lourenzo.modia@udc.es |          |         |
| Profesorado           | Lourenzo Modia, Cilla   | Correo electrónico | cilla.lourenzo.modia@udc.es |          |         |
| Web                   |   |                    |                             |          |         |
| Descrición xeral      | Esta materia céntrase no estudo descritivo e instrumental da lingua galega, así como na elaboración e análise de textos orais e escritos de diferentes ámbitos e de calquera época.<br>Alén diso, preténdese potenciar no alumnado a capacidade comunicativa, o contraste de ideas e o pensamento crítico, fomentar a aprendizaxe autónoma e o traballo cooperativo e mais integrar o labor académico no noso contexto social e cultural. |                    |                             |          |         |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título  |
|--------|--|
| A1     | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.   |
| A2     | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.   |
| A4     | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.  |
| A9     | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.   |
| A11    | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.   |
| A15    | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.   |
| B1     | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.   |
| B3     | Adquirir capacidade de autoformación.  |
| B4     | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.   |
| B5     | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.  |
| B6     | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.   |
| B7     | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.  |
| B8     | Apreciar a diversidade.  |
| B9     | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |
| B10    | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.  |
| C4     | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |

## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |    |  |
|--|-------------------------------------|----|--|
| Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.   | A9                                  |    |  |
| Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. | A2                                  |    |  |
| Dominar a comunicación oral e escrita en lingua galega nun nivel avanzado.   | A4                                  | B4 |  |



|  |     |     |    |
|--|-----|-----|----|
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |     |     | C4 |
| Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.   | A11 |     |    |
| Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.   | A1  |     |    |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.  |     | B10 |    |
| Apreciar a diversidade.  |     | B8  |    |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |     | B9  |    |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.  |     | B7  |    |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.   |     | B6  |    |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.  |     | B5  |    |
| Adquirir capacidade de autoformación.  |     | B3  |    |
| Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.   | A15 |     |    |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.   |     | B1  |    |

| Contidos   |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| 1. Caracterización da lingua galega  | 1.1. Orixe, extensión e status da lingua galega<br>1.2. Posición do sistema lingüístico galego-portugués no conxunto dos idiomas románicos  |
| 2. Aproximación sociolingüística   | 2.1. Diversidade lingüística e plurilingüismo. A perspectiva ecolingüística<br>2.2. Conflito lingüístico e diglosia<br>2.3. O galego como lingua minorizada<br>2.4. Actitudes e preconceitos a respecto das linguas e do galego |
| 3. Principais particularidades da lingua escrita   | 3.1. Cuestións ortográficas e ortotipográficas<br>3.2. Cuestións fonético-fonolóxicas<br>3.3. Cuestións morfosintácticas<br>3.4. Cuestións léxico-semánticas  |
| 4. Principais particularidades da lingua oral con repercusións na lingua escrita: desvíos e interferencias | 4.1. Dialectalismos<br>4.2. Vulgarismos<br>4.3. Españolismos<br>4.4. Pseudogaleguismos<br>4.5. Enxebrismos<br>4.6. Outros desvíos e interferencias lingüísticos   |
| 5. Métodos de análise e técnicas de elaboración de textos orais e escritos                                 | 5.1. Estruturas textuais<br>5.2. Tipoloxías e xéneros textuais  |

| Planificación         |  |   |                         |              |
|-----------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados                | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral      | A1 A11 B4 B5 B7 B9<br>B10 C4             | 26                                      | 10                      | 36           |
| Lecturas              | A2 A4 A11 A15 B1 B3<br>B7                | 0                                       | 10                      | 10           |
| Obradoiro             | A1 A2 A4 A9 A11 A15<br>B1 B3 B4 B5 B7 B8 | 30                                      | 16                      | 46           |



|                        |  |   |    |    |
|------------------------|--|---|----|----|
| Traballos tutelados    | A1 A2 A4 A9 A11 A15<br>B1 B3 B4 B5 B6 B7<br>B8 | 0 | 30 | 30 |
| Presentación oral      | A4 A9 A11 A15 B3 B4<br>B7 B8                   | 4 | 2  | 6  |
| Proba mixta            | A1 A2 A4 A9 A11 A15<br>B1 B4 B5 B6 B7          | 0 | 18 | 18 |
| Atención personalizada |  | 4 | 0  | 4  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías        |  |
|---------------------|--|
| Metodoloxías        | Descrición   |
| Sesión maxistral    | As sesións maxistrais consistirán en aulas fundamentalmente expositivas á volta dos contidos básicos da materia, unhas aulas en que se utilizarán diversos textos de carácter teórico-práctico seleccionados especificamente para facilitar a análise e a comprensión dos contidos.<br>Alén disto, nestas sesións coordinaranse actividades individuais ou grupais, resolveranse as dúbidas a respecto dos contidos propostos e achegarase bibliografía específica para cada tema.   |
| Lecturas            | O estudantado deberá realizar, fóra da aula, lecturas puntuais obrigatorias para poder levar a cabo certas actividades propostas (exercicios, debates, comentarios etc.) e atinxir unha boa calidade lingüística.  |
| Obradoiro           | Nas sesións de grupo intermedio, co apoio do profesorado da materia, realizaranse diversas actividades prácticas sobre temas concretos do temario para asentir os coñecementos adquiridos nas aulas maxistrais.<br>A combinación de diferentes modalidades formativas de carácter práctico (exercicio estrutural, estudo de casos e solución de problemas, análise e corrección de documentos orais e escritos, redacción, debate, traballo en grupo etc.) permitirá ao alumnado desenvolver eficazmente tarefas relacionadas cos contidos da materia. |
| Traballos tutelados | Como complemento das actividades presenciais, o profesorado solicitará un traballo tutelado en grupo que os/as estudantes deberán realizar en horas non presenciais e entregar nas datas marcadas.   |
| Presentación oral   | Nas últimas semanas do cuadrimestre, o alumnado terá que desenvolver unha proba oral a partir das instrucións facilitadas previamente polo / pola docente.   |
| Proba mixta         | Realizarase unha proba mixta (teórico-práctica) de carácter escrito en que se deberán mostrar os coñecementos e as competencias adquiridas na materia.   |

| Atención personalizada   |  |
|--|--|
| Metodoloxías   | Descrición   |
| Proba mixta<br>Presentación oral<br>Obradoiro<br>Traballos tutelados | O profesorado intentará darlle ao alumnado unha atención personalizada, polo que estará dispoñíbel no horario de atendimento e a través do correo electrónico a fin de resolver dúbidas e de pautar o seguimento daquelas metodoloxías que o requiriren.<br>Alén disto, ao longo do curso establecerase un calendario de titorías obrigatorias para o alumnado coa materia pendente ou con dispensa académica co obxectivo de organizarmos o traballo dunha maneira máis efectiva. |

| Avaliación        |                                       |   |               |
|-------------------|---------------------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías      | Competencias / Resultados             | Descrición  | Cualificación |
| Proba mixta       | A1 A2 A4 A9 A11 A15<br>B1 B4 B5 B6 B7 | Na proba mixta (teórico-práctica), de carácter escrito, testaranse os contidos e as competencias adquiridas na materia (nomeadamente a competencia gramatical e a competencia comunicativa na escrita). | 50            |
| Presentación oral | A4 A9 A11 A15 B3 B4<br>B7 B8          | Na presentación oral avaliarase a competencia comunicativa (comprensión, expresión e interacción orais) do alumnado, así como a correcta execución das tarefas propostas.                               | 15            |



|                     |  |   |    |
|---------------------|--|---|----|
| Traballos tutelados | A1 A2 A4 A9 A11 A15<br>B1 B3 B4 B5 B6 B7<br>B8 | No traballo tutelado, de carácter grupal, avaliaranse a corrección lingüística, a adecuación, coherencia e cohesión textuais, a competencia comunicativa escrita etc. | 35 |
|---------------------|--|---|----|

Observacións avaliación



## OBSERVACIÓNS

### XERAIS

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta terá que obter 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.

1.2. Tanto as actividades como as probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado no campus virtual).

### 1.3. O TRABALLO

TUTELADO entregárase na aula, en papel, nos días fixados polo profesorado. Aplicarase unha penalización do 25 % sobre a cualificación final desta actividade se for entregada fóra de prazo sen causa xustificada.

### 1.4. Os / As

alumnos/as que non superaren a materia na 1.ª oportunidade (xaneiro) poderán recuperala parcial ou totalmente na 2.ª oportunidade (xullo) segundo as normas detalladas na epígrafe seguinte.

### 1.5. Os

traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio (mesmo de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades polo/a estudante).

### 1.6. En

calquera actividade avaliábel a falta de honradez académica implicará que o/a estudante sexa cualificado/a con ?suspense? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se producir na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, modificarase a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se for necesario.

### 1.7. A

materia poderá ser adaptada ao estudantado que precisar da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte as indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa cal se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da orientadora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal).

1.8. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos os sexos, propiciárase a intervención na aula de alumnos de e de alumnas etc.).

Traballarase para identificar e modificar preconceptos e actitudes sexistas e influirase na contorna para os modificar e fomentar valores de respecto e de igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para as corraxir.

## 2. CUALIFICACIÓN

FINAL na 2.ª OPORTUNIDADE (xullo)



## 2.1. Os / As

estudantes que suspenderen a PROBA MIXTA ESCRITA deberán facer outra proba do mesmo tipo que a da 1.<sup>a</sup> oportunidade na data, hora e lugar establecidos no calendario oficial de exames da Facultade para a 2.<sup>a</sup> oportunidade. Esta proba suporá igualmente o 50 % da cualificación final e será preciso obter 5 puntos sobre 10 nela para aprobar a materia.

## 2.2. Os / As

estudantes que non atinxiren a puntuación mínima na PRESENTACIÓN ORAL (con 5 puntos sobre 10), que supón o 15 % da cualificación final, terán que defendela de novo na 2.<sup>a</sup> oportunidade. Esta proba oral realizarase a seguir á proba mixta escrita da 2.<sup>a</sup> oportunidade.

## 3.

### CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

#### 3.1. En cada

oportunidade de avaliación o / a alumno/a recibirá a cualificación de NON PRESENTADO/A (NP) se non realizar a proba mixta escrita e, alén disto, se o número de actividades avaliábeis entregadas for inferior ao 50 %.

## 4. ALUMNADO

### A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

#### 4.1. O

alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso e asistir ás titorías obrigatorias para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes).

## 5.

### CONVOCATORIA DE DECEMBRO

#### O alumnado

que se presente á convocatoria de decembro será avaliado da seguinte maneira: proba mixta (50 %), presentación oral (15 %) e traballo tutelado (35 %).





## Bibliografía básica

- Álvarez Blanco, Rosario / Xove, Xosé (2002). Gramática da lingua galega. Vigo: Xerais
  - Comissom Lingüística da Asociación Galega da Língua (2012). O modelo lexical galego. Santiago de Compostela: Através Editora
  - Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998-2002). Gramática da lingua galega. Vigo: A Nosa Terra
  - Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais
  - Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009). Lingua de calidade. Vigo: Xerais
  - García Ares, Maricarme / Alonso Alonso, Alexandre (2010). Manual básico de documentación administrativa e xurídica. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística
  - González Rei, Begoña (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova
  - Hermida, Avelino (2006). Manual de conxugación verbal da lingua galega. Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio
  - Hermida Gulías, Carme (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
  - López Viñas, Xoán / Lourenço Mória, Cilha / Moreda Leirado, Marisa (2011). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións
  - Méndez Álvarez, María Xesús (2007). Ortografía da lingua galega: descrición, regras e ditados. Vigo: Xerais
  - Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004). Claro e seguido 1. Comprensión oral. Vigo: Xerais
  - Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004). Claro e seguido 2. Expresión oral. Vigo: Xerais
  - Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004). Claro e seguido 3. Comprensión escrita. Vigo: Xerais
  - Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004). Claro e seguido 4. Expresión escrita. Vigo: Xerais
  - Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
  - Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
  - Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012). Criterios para o uso da lingua. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña
  - Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña
  - Callón, Carlos (2022). O libro negro da lingua galega. Vigo: Xerais
  - Ramallo, Fernando (coord.) (2021). A lingua en 2050. Vigo: Catro Ventos Editora
- Dicionarios e bancos de datos Banco de Termos Galegos Recomendados (TERGAL):  
<http://www.cirp.gal/pls/bal2/f?p=TERGAL:1:901460531776991748bUSCatermos>:  
<https://aplicacions.usc.es/buscatermos/publica/index.htm> Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA):  
[http://corpus.cirp.es/corga/Corpus\\_Lingüístico\\_da\\_Universidade\\_de\\_Vigo\\_\(CLUVI\)](http://corpus.cirp.es/corga/Corpus_Lingüístico_da_Universidade_de_Vigo_(CLUVI)): <http://sli.uvigo.es/CLUVI/Dicionario>  
da Real Academia Galega: <http://academia.gal/dicionario> Dicionario de Pronuncia da Lingua Galega:  
[http://ilg.usc.es/pronuncia/Dicionario\\_de\\_Sinónimos\\_do\\_Galego](http://ilg.usc.es/pronuncia/Dicionario_de_Sinónimos_do_Galego): [http://sli.uvigo.es/sinonimos/Dicionario\\_Digalego](http://sli.uvigo.es/sinonimos/Dicionario_Digalego):  
<https://digalego.xunta.gal/digalego/Html/index.php> Dicionário Electrónico Estraviz: <http://www.estraviz.org/Neoteca>  
(Banco de Datos de Neoloxismos da Universidade de Vigo): [http://sli.uvigo.es/NEO/Portal\\_das\\_palabras](http://sli.uvigo.es/NEO/Portal_das_palabras):  
[http://portaldaspalabras.gal/Tesouro\\_Informatizado\\_da\\_Lingua\\_Galega\\_\(TILG\)](http://portaldaspalabras.gal/Tesouro_Informatizado_da_Lingua_Galega_(TILG)): [http://ilg.usc.es/TILG/Tesouro\\_do\\_Léxico\\_Patrimonial\\_Galego\\_e\\_Portugués](http://ilg.usc.es/TILG/Tesouro_do_Léxico_Patrimonial_Galego_e_Portugués): [http://ilg.usc.es/Tesouro/gl/Vocabulario\\_Ortográfico\\_da\\_Lingua\\_Galega\\_\(VOLGA\)](http://ilg.usc.es/Tesouro/gl/Vocabulario_Ortográfico_da_Lingua_Galega_(VOLGA)):  
[http://academia.gal/recursos-volg#http://academia.gal/Volga?Lingua\\_de\\_calidade](http://academia.gal/recursos-volg#http://academia.gal/Volga?Lingua_de_calidade) Criterios para o uso da lingua:  
[http://www.udc.es/export/sites/udc/snl/\\_galeria\\_down/documentospdf/Libro\\_Criterios\\_lingua.pdf](http://www.udc.es/export/sites/udc/snl/_galeria_down/documentospdf/Libro_Criterios_lingua.pdf) Sobre a calidade da nosa lingua:  
[http://www.udc.es/export/sites/udc/snl/\\_galeria\\_down/documentospdf/Libro\\_Calidade\\_Lingua.pdf](http://www.udc.es/export/sites/udc/snl/_galeria_down/documentospdf/Libro_Calidade_Lingua.pdf) Linguaxe administrativa Manual de documentos administrativos do SNL da UDC:  
[http://www.udc.es/snl/publicacions/documentacion\\_administrativa/Manuais\\_de\\_linguaxe\\_xurídico-administrativa\\_da\\_Xunta\\_de\\_Galicia](http://www.udc.es/snl/publicacions/documentacion_administrativa/Manuais_de_linguaxe_xurídico-administrativa_da_Xunta_de_Galicia):  
[http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/\\_/aprendelo/contido\\_0119/novos-manuais-linguaxe-xuridica-administrativa](http://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_/aprendelo/contido_0119/novos-manuais-linguaxe-xuridica-administrativa) Tradutores e correctores Golfiño:





[https://wiki.mancomun.gal/index.php/Golfinho\\_Corrector\\_gramatical\\_para\\_OpenOffice.org](https://wiki.mancomun.gal/index.php/Golfinho_Corrector_gramatical_para_OpenOffice.org)

<http://www.opentrad.com/gl/inicio> <http://sli.uvigo.es/corrector/Traducindote> <http://www.traducindote.com/>



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | Proporcionarase bibliografía complementaria e específica por temas. |
|------------------------------------|---|

|                       |
|-----------------------|
| <b>Recomendacións</b> |
|-----------------------|

|  |
|--|
| <b>Materias que se recomenda ter cursado previamente</b> |
|--|

|   |
|---|
| <b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b> |
|---|

|   |
|---|
| <b>Materias que continúan o temario</b> |
|---|

|                     |
|---------------------|
| <b>Observacións</b> |
|---------------------|

|   |
|---|
| (*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías |
|---|